

DECÁLOGO DE COMPORTAMENTO ÉTICO SINDICAL

Os/as delegados/as de CC OO comprometémonos:

- 1. A representar a todos os traballadores/as sen importar, nin a súa afiliación ou simpatía sindical, nin o grupo ou categoría profesional a que pertencen.**
- 2. A buscar o diálogo e o consenso, tanto dentro coma fora do órgano de representación, para defender os intereses de todo o persoal. A utilizar todos os métodos legais ó noso alcance para defender estes intereses.**
- 3. A non aproveitarse para beneficio propio da condición de delegado/a. A non utilizar a posible maioría sindical para beneficiar os membros da Sección Sindical ou simpatizantes.**
- 4. A buscar o ben común a través da responsabilidade, a coherencia, a xustiza e as decisións ecuanímes. A dar a mesma información, e ó mesmo tempo, os/as traballadores e traballadoras que representamos.**
- 5. A fomentar a participación democrática de todos os traballadores e traballadoras na solución dos problemas laborais. A implicar ó colectivo na solución destes problemas e a fomentar a participación e a corresponsabilidade.**
- 6. A representar tamén, se fora preciso, a todos aqueles colectivos que desenvolven o seu labor dentro da universidade. A darlles a coñecer os seus dereitos laborais e a defendelos dentro e fora da universidade.**
- 7. A resolver os conflitos dentro da propia universidade fomentando así a cultura do consenso e do diálogo, sen menoscabo do dereito, que sempre temos, de acudir a outras instancias para defender os intereses e os dereitos do colectivo que representamos.**
- 8. A actuar con responsabilidade e a gardar o sigilo necesario cando participemos nalgún tribunal ou en calquera outra situación que así o precise. A defender nos tribunais e comisións de selección os intereses de todos os/as aspirantes, sexan estes/as fixos/as, contratados/as ou de fora da universidade.**
- 9. A fomentar a colaboración e a solidariedade dentro e fora da universidade. A actuar localmente pensando globalmente, facendo así que o noso esforzo sindical se sume ó obxectivo de conseguir un mundo máis xusto. A promover os valores ecolóxicos e a non potenciar no noso entorno a cultura consumista e do estrago.**
- 10. A denunciar e combater calquera tipo de discriminación por razóns de raza, sexo, cultura ou crenzas. A non fomentar as ideas totalitarias, violentas, antidemocráticas ou excluíntes, dentro e fora da institución.**